

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE ORZAMENTOS E FINANCIAMENTO AUTONÓMICO POLA QUE SE ESTABLECEN OS FORMATOS DA DOCUMENTACIÓN A REMITIR POLOS ENTES PÚBLICOS EMPRESARIAIS, SOCIEDADES MERCANTÍS, FUNDACIÓN S E CONSORCIOS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO, AO ABEIRO DA "ORDE DO 17 DE XUÑO DE 2024 POLA QUE SE DITAN INSTRUICIÓN S PARA A ELABORACIÓN DOS ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA PARA O ANO 2025"

A Orde do 17 de Xuño de 2024 pola que se ditan instruccións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, establece o ámbito de aplicación para a elaboración do anteproxecto de Lei dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025 que abrangue, segundo o artigo 3.Un.2, as entidades con orzamento estimativo (Anexo I):

- a) *Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais, a que fai referencia o artigo 89 da Lofaxga.*
- b) *Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas, a que fai referencia o artigo 102 da Lofaxga.*
- c) *Os orzamentos de explotación e capital das fundación s do sector público autonómico, a que se refire o artigo 113 da Lofaxga.*
- d) *Os orzamentos dos consorci os autonómicos, a que fai referencia o artigo 95 da Lofaxga.*

Tamén se inclúen no ámbito de aplicación, conforme o apartado Dous do artigo 3: *En todo caso, os orzamentos incluirán os de todas as entidades que estean clasificadas como subsector Administración rexional (S.1312), segundo o SEC-2010, consonante a información contida no inventario de entes da Intervención Xeral da Administración do Estado, áínda que non estean participadas maioritariamente pola Comunidade Autónoma, agás as universidades públicas e as entidades que dependan delas. Tamén formarán parte dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma os dos entes pertencentes ao sector sociedades non financeiras e financeiras participadas maioritariamente directa ou indirectamente pola Xunta de Galicia.*

As sociedades públicas mercantís autonómicas, fundación s do sector público autonómico, consorci os autonómicos e entidades públicas empresariais incluídas no ámbito de aplicación da Orde do 17 de Xuño de 2024, conforme o disposto no artigo 6. Oito, remitiránlle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, a través da aplicación informática especialmente habilitada para iso, a documentación que oportunamente se determinará a través da correspondente resolución.

O artigo 7. Dous da citada orde establece que: *Os orzamentos de explotación e capital e demais estados financeiros das sociedades mercantís públicas autonómicas, fundación s do sector público autonómico e demais entes recollidos no artigo 3 non suxeitos a orzamento limitativo estrutúranse de acordo coas súas normas específicas e, en particular, as recollidas no capítulo V do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia que lles son de aplicación.*

Na formulación do programa de actuacións, investimentos e financiamento (PAIF) que estes entes deben presentar, deberán ter en conta os obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais, sectoriais e transversais que os poidan afectar e, polo miúdo, os obxectivos que



recolla o programa orzamentario consolidado que conteña, se é o caso, as transferencias correntes e de capital para financiar as actividades e os proxectos do ente.

En particular, recollerase na memoria II dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, xunto aos obxectivos da Consellería á que estea adscrita cada entidade, os obxectivos e indicadores da mesma, polo que deberá coidarse especialmente a coherencia e calidade da información contida nas fichas das memorias de obxectivos e indicadores.

A Xunta de Galicia asume todo o endebedamento autorizado nos seus orzamentos co que financia as partidas de transferencias **ás entidades instrumentais** dependentes, xa que logo, estas deberán **presentar e executar uns orzamentos equilibrados en termos de contabilidade nacional**. Neste sentido, segundo o disposto no artigo 7.Un.I.d) da Orde do 17 de xuño de 2024 pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, *salvo informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, non se consignará ningunha dotación no concepto de ingresos 870 de remanente de tesouraría.*

Dado o obxectivo de avanzar na consideración global dos orzamentos, mediante a extensión do seu eido institucional, abrangiendo entes e organismos que teñen a consideración de administración autonómica segundo a metodoloxía aplicada polo SEC-2010, o artigo 7.Tres preceptúa que as transferencias internas, achegas e, en xeral, as operacións entre os diversos entes recollidos no artigo 3 desta orde orzaranse de modo nominativo para os efectos da consolidación dos estados orzamentarios. A estes efectos, deberá indicarse o código e nome da correspondente consellería, organismo autónomo ou demais entidades do sector público autonómico dos que proceden as achegas.

As entidades do sector público autonómico con orzamento estimativo remitiranlle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, a través da aplicación informática especialmente habilitada (CODEX), a documentación que se determina nesta resolución.

A existencia do marco legal derivado do Plan Xeral de Contabilidade e as disposicións que o desenvolven proporciona unhas evidentes vantaxes á hora de fixar uns modelos de estados financeiros e, polo tanto, resulta procedente adoptar uns formatos dos estados financeiros correspondentes aos Orzamentos de Explotación e de Capital baseados nos modelos das contas anuais definidos polo Plan Xeral de Contabilidade.

Aínda que polas súas características a entidade poida presentar os modelos de contas abreviados, a efectos orzamentarios debe presentar a información contida nesta Resolución.

Dadas as particularidades contables das entidades recollidas dentro do eido das administracións públicas polo SEC-2010, recóllese formatos personalizados para os entes públicos empresariais que rendan contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade Pública, a partires dos modelos recollidos na Orde de 28 de novembro de 2001 pola que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia; engadíndose, para os efectos da presentación de datos agregados, un estado de fluxos de efectivo que permita a homoxeneización das estruturas orzamentarias.



Para as Sociedades Mercantís, recóllense formatos personalizados segundo o Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por RD 1514/2007 de 16 de novembro.

Considerando as especificidades dos estados financeiros e da contabilidade das fundacións do sector público autonómico, se proporcionan uns formatos individualizados para as devanditas entidades, a partires dos modelos determinados no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación destas entidades.

Concretamente, aplicaranse as regras para a elaboración do Estado de Fluxos de Efectivo que aparecen na norma 8ª, do apartado I, Normas para a elaboración das contas anuais, da cuarta parte, contas anuais, da devandita adaptación.

Finalmente, os Consorcios do Sector Público Autonómico deberán elaborar un estado de gastos, de ingresos, de tesourería e a territorialización dos seus investimentos.

En consecuencia, en aplicación do sinalado no artigo 6.Oito da Orde do 17 de xuño de 2024, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, resólvese o seguinte:

1.- A documentación a remitir, polas **entidades públicas empresariais** que renden contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, estará integrada polos Orzamentos de Explotación e de Capital, o Programa de Actuacións Investimento e financiamento e os estados financeiros complementarios, conforme figuran na aplicación CODEX e cos criterios sinalados nos Anexos II e III desta resolución.

DOCUMENTO	CÓDIGO FICHA
Orzamentos e PAIF (Estados financeiros complementarios: Balance)	EP.01 e EP.02
Orzamento de Explotación e PAIF (Conta de resultados)	EP.03A e EP.03B
Orzamento de Capital e PAIF (Estado de Fluxos de Efectivo)	EP.04
Territorialización de investimentos	EP.08A e EP.08B
Financiamento da UE	EP.09
Obxectivos e indicadores	EP.10
Recursos financeiros obtidos doutros entes públicos	EP.12
Provisións	Cadro Provisións
Encomendas e encargos a medios propios	Cadro Encomendas e encargos a medios propios
Memoria	Formulario Memoria e cadros de memoria

2.- A documentación a remitir, polas **sociedades mercantís** do sector público autonómico que renden contas segundo o Plan Xeral de Contabilidade da empresa privada, estará integrada polos Orzamentos de Explotación e de Capital, o Programa de Actuacións Investimento e financiamento e os estados financeiros complementarios, conforme figuran na aplicación CODEX e cos criterios sinalados nos Anexos II e III desta resolución.



DOCUMENTO	CÓDIGO FICHA
Orzamentos e PAIF (Estados financeiros complementarios: Balance)	SPA.01 e SPA.02
Orzamento de Explotación e PAIF (Conta de resultados)	SPA.03
Orzamento de Capital e PAIF (Estado de Fluxos de Efectivo)	SPA.04
Territorialización de investimentos	SPA.08A e SPA.08B
Financiamento da UE	SPA.09
Obxectivos e indicadores	SPA.10
Recursos financeiros obtidos doutros entes públicos	SPA.12
Provisións	Cadro Provisións
Encomendas e encargos a medios propios	Cadro Encomendas e encargos a medios propios
Memoria	Formulario Memoria e cadros de memoria

3.- A documentación a remitir polas **fundacións** do sector público autonómico estará integrada polos Orzamentos de Explotación e de Capital e polos estados financeiros complementarios, conforme figuran na aplicación CODEX e cos criterios sinalados nos Anexos II e III desta resolución.

DOCUMENTO	CÓDIGO FICHA
Orzamentos e PAIF (Estados financeiros complementarios: Balance)	F.01 e F.02
Orzamento de Explotación (Conta de resultados)	F.03
Orzamento de Capital (Estado de Fluxos de Efectivo)	F.04
Territorialización de investimentos	F.08A e F.08B
Financiamento da UE	F.09
Obxectivos e indicadores	F.10
Recursos financeiros obtidos doutros entes públicos	F.12
Provisións	Cadro Provisións
Encomendas e encargos a medios propios	Cadro Encomendas e encargos a medios propios
Memoria	Formulario Memoria e cadros de memoria

4.- A documentación a remitir polos **consorcios** do sector público autonómico estará integrada polos estados de gastos e ingresos e de tesourería, conforme figuran na aplicación CODEX e cos criterios sinalados nos Anexos II e III desta resolución.



DOCUMENTO	CÓDIGO FICHA
Estado de gastos	CC.01
Estado de ingresos	CC.02
Estado de tesourería	CC.03
Territorialización de investimentos	CC.08A e CC.08B
Financiamento da UE	CC.09
Obxectivos e indicadores	CC.10
Provisións	Cadro Provisións
Encomendas e encargos a medios propios	Cadro Encomendas e encargos a medios propios
Memoria	Formulario Memoria e cadros de memoria

5.- O **gasto de persoal** orzado determinarase de acordo cos datos existentes na Subdirección Xeral de Custos de Persoal, relativos aos cadros de persoal autorizados para cada entidade. A consulta destes cadros, así como as observacións que se queiran efectuar, realizarase a través da aplicación CODEX.

En relación coas dotacións para persoal temporal deberá identificarse a causa da necesidade prevista indicando se corresponde coa realización de substitucións de persoal, de contratos por circunstancias da produción ou contratos de duración determinada para a execución de fondos da Unión Europea ou asociados á estrita execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

Deberá incluírse unha relación dos proxectos, encomendas ou encargos a medios propios que financian estas contratacións. De ser posible, indicarase a previsión do número de efectivos e as retribucións do posto.

A data límite para efectuar observacións ou aceptar o cadre proposto será o 31 de xullo, a falta de resposta no prazo sinalado implicará a aceptación dos datos que constan no cadre proposto.

6.- O secretario xeral técnico da consellería deberá enviar esta resolución da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico coas instrucións para a elaboración dos orzamentos de explotación e capital e demais estados financeiros aos entes públicos empresariais, sociedades mercantís, fundacións e consorcios do sector público autonómico de Galicia que estean adscritos a súa consellería.

7.- Con data límite do 16 de setembro, as entidades do sector público autonómico con orzamento estimativo remitiranlle á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, a través da aplicación informática especialmente habilitada (CODEX), a documentación que se determina nesta resolución.

8.- Coa mesma data límite, os Secretarios Xerais Técnicos deberán autorizar os orzamentos das entidades adscritas a súa consellería, enviando á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico un escrito no que conste dita autorización.



9.- No caso de que algúna entidade non remitise os datos dentro das datas sinaladas, ou o fixese de forma incompleta, a Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico procederá conforme ao previsto no artigo 6. Oito da Orde do 17 de xuño de 2025 pola que se ditan as instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

10.- Os documentos orzamentarios recollerán un informe do orzamento en clave de infancia, seguindo as recomendacións da ONU sobre a Observación Xeral nº 19, sobre a elaboración dos orzamentos públicos que deberán garantir a eficacia, eficiencia, equidade, transparencia e sustentabilidade na toma de decisións relacionadas coa infancia. A tal fin deberá cubrirse a ficha que figura como anexo IV que será enviada por correo electrónico, xunto cunhas instrucións.

Santiago de Compostela,

O Director xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico,
Arturo López Iglesias

ANEXO I

**Entidades instrumentais do sector público
autonómico con orzamento estimativo
SEC-2010**

Presidencia da Xunta de Galicia

Entidades

Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo
Galicia Calidade, S.A.U.
Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A.

ConSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Entidades

Consorcio Os Peares
Fundación Semana Verde de Galicia
Fundación Galicia Europa
Fundación Deporte Galego

ConSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

Entidades

Centro Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia
Consorcio para a xestión e explotación da rede básica de abastecemento aos concellos de Cervo e Burela
Augas de Galicia
Sociedade Galega do Medioambiente S.A.

ConSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Entidades

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

Entidades

Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
Fundación Pública Gallega para la Tutela de Personas Adultas-Funga.

ConSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Entidades

Fundación do Granito
XesGalicia, Sociedade Xestora de Entidades de Investimento de Tipo Pechado, S.A.U.
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.
Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.
Xestión do Solo de Galicia - Xestur, S.A.

ConSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Entidades

Sociedade Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A.



Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras

Entidades

- Axencia de Protección da Legalidade Urbanística
- Consorcio Casco Vello de Vigo
- Sociedade Pública de Investimentos de Galicia S.A.

Consellería de Sanidade

Entidades

- Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía
- Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061
- Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica
- Fundación Profesor Novoa Santos
- Fundación Instituto de investigación Sanitaria Santiago de Compostela
- Fundación Biomédica Galicia Sur.
- Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios S.A.
- Consorcio Oncolóxico de Galicia

Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Entidades

- Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia
- Fundación Museo do Mar
- Fundación Pública Galega Camilo José Cela

Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Entidades

- Fundación Pública Galega da Formación para o Traballo
- Fundación Pública Artesanía de Galicia
- Fundación de Exposiciones e Congresos da Estrada
- Fundación Feiras e Exposicións de Lugo
- Fundación Feiras e Exposicións de Ourense
- Instituto Feiral da Coruña
- Instituto Feiral de Vigo

Consellería do Medio Rural

Entidades

- Fundación Centro Tecnolóxico da Carne
- Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A. (Seaga)
- Xenética Fontao S.A.

Consellería do Mar

Entidades

- Portos de Galicia
- Fundación Centro Tecnolóxico do Mar





ANEXO II

Instruccións para cumplimentar as fichas polas Entidades do sector público autonómico



INSTRUCCIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN INVESTIMENTOS E FINANCIACIÓN DAS ENTIDADES PÚBLICAS INSTRUMENTAIS

ASPECTOS XERAIS

A Entidade deberá tomar os indicadores macroeconómicos facilitados pola Consellería de Facenda e Administración Pública como base para a elaboración do PAIF e os restantes documentos orzamentarios.

Na memoria do Programa de Actuacións Investimentos e Financiamento (PAIF), determinaranse as operacións ou actuacións económico-financeiras da Entidade con servizos, organismos ou entidades do sector público, detallando o tipo de operación, servizo, organismo ou entidade pública intervinte e a contía de ela.

As fichas cumplimentadas deberán transmitirse a través da aplicación informática especialmente habilitada á Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico, xunto cos datos dos estados financeiros; *sen decimais*.

Cando nunha cela corresponda sinalar unha contía de sino contrario ao da agrupación de referencia (vg. os resultados negativos do exercicio no pasivo...), esta haberá de figurar precedida do sino (-).

Serán devoltos e non se terán por presentados os PAIF incompletos ou inexactos, así como os que presenten estados contables incongruentes.

FORMULARIO MEMORIA DOS ORZAMENTOS E PROGRAMA DE ACTUACIÓN INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

As entidades deben cumplimentar o formulario da memoria, así coma os cadros que estean vinculados a mesma memoria:

- Territorialización: Desagregarase o importe dos gastos correntes, distinguiendo gastos de persoal e outros gastos correntes, e o importe dos gastos de capital segundo o concello onde se realice o gasto.
- Ingresos: ventas e outros ingresos, deben especificarse todos os ingreso que percibe a entidades así coma a súa natureza.
 - Gastos de persoal: indicarase o número de persoas empregadas, o custe total e o custe medio. Indicarase a retribución aos consellos de administración así coma calquera remuneración que se faga ao persoal da entidade, acción social...
 - Servizos exteriores: relación dos gastos que componen o concepto de servizos exteriores. Explicaranse os contratos de importante contía e aqueles gastos recorrentes.
 - Dotación á amortización: importe correspondente a amortización.
 - Subvencións concedidas pola entidade: subvencións ou axudas outorgadas pola entidade
 - Remanente de tesourería: desagregaranse os importes pendentes de cobro así como as obrigas pendentes de pago, para determinar o importe de remanente de tesourería afectado e o non afectado.



- Adquisición de inmovilizado non financeiro: inversión real do ano 2023, estimada do ano 2024 e prevista do ano 2025.
- Adquisición de inmovilizado financeiro: inversión real do ano 2023, estimada do ano 2024 e prevista do ano 2025.

Determinados datos das fichas conformarán a memoria, coma son as fichas correspondentes á inversión, aos obxectivos, actuacións, medidas e indicadores, e as subvencións e transferencias recibidas pola entidade; polo que a entidade poderá establecer ás aclaracións que considere oportunas.

FICHAS 01, 02, e 03 - PROGRAMA DE ACTUACIÓN INVESTIMENTOS E FINANCIACIÓN. BALANCE

Aplicaranse os criterios e principios contables segundo a norma que rexe cada tipo de entidade instrumental:

- ❖ **Entes públicos:** aplican o Plan Xeral de Contabilidade Pública, aprobado pola Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001, así como os principios e normas de contabilidade pública.
- ❖ **Fundacións:** empregaranse os criterios e principios contables do Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos.
- ❖ **Sociedades:** aplicaranse os criterios e principios contables do Plan Xeral de Contabilidade, aprobado por Real Decreto 1514/2007, de 20 de novembro, así como os principios e normas de contabilidade xeralmente aceptados.
- ❖ **Consorcios:** as fichas 01 e 02 refírense aos gastos e ingresos, e a ficha 03 ao estado de tesoureira, aplicaranse os criterios e principios contables do Plan Xeral de Contabilidade Pública, aprobado pola Orde da Consellería de Economía e Facenda do 28 de novembro de 2001, así como os principios e normas de contabilidade pública.

FICHA 04 – PROGRAMA DE ACTUACIÓN INVESTIMENTOS E FINANCIACIÓN. ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

O estado de fluxos de efectivo informa sobre a orixe e destino dos movementos producidos nas partidas monetarias de activo representativas de efectivo e outros activos líquidos equivalentes, e indica a variación neta sufrida por estas no exercicio.

Os movementos de efectivo e outros activos líquidos equivalentes móstranse no estado de fluxos de efectivo agrupados por tipos de actividades. Non se recollen no estado de fluxos de efectivo os pagamentos por adquisición, nin cobramientos por amortización ou vencimento de activos financeiros aos que se lles deu a consideración de activos líquidos equivalentes a efectivo. Tampouco se recollen os movementos internos de tesouraría.

As agrupacións do estado de fluxos de efectivo son as que se indican a continuación:

I. Fluxos de efectivo das actividades de xestión son os que constitúen a súa principal fonte de xeración de efectivo e, fundamentalmente os ocasionados polas transaccións que interveñen na



determinación do resultado de xestión ordinaria da entidade. Inclúense tamén os que non deban clasificarse en ningunha das dúas categorías seguintes, de investimento ou de financiamento.

Forman parte destes fluxos os pagamentos de intereses ocasionados por pasivos financeiros da entidade, así como os cobramientos de intereses e dividendos xerados pola existencia de activos financeiros da entidade.

II. Fluxos de efectivo das actividades de investimento son os pagamentos que teñen a súa orixe na adquisición de elementos do inmobilizado non financeiro e de investimentos financeiros, tanto de curto como de longo prazo, non consideradas activos líquidos equivalentes a efectivo, así como os cobramientos procedentes da súa alienación ou da súa amortización ao vencemento. Forman parte destes fluxos os cobramientos derivados da venda de activos en estado de venda.

Tamén forman parte destes fluxos todos os pagamentos satisfeitos pola adquisición do inmobilizado non financeiro cuxo pagamento se apraza, así como os derivados do arrendamento financeiro.

III. Os fluxos de efectivo das actividades de financiamento comprenden os cobramientos procedentes da adquisición por terceiros de títulos valores emitidos pola entidade ou de recursos concedidos por entidades financeiras ou terceiros, en forma de préstamos ou outros instrumentos de financiamento e, os correspondentes a achegas ao patrimonio da entidade ou entidades propietarias. Tamén comprenden os pagamentos realizados por amortización ou devolución dos anteriores instrumentos de financiamento e por repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias.

IV. Os fluxos de efectivo pendentes de clasificación recollen os cobramientos e pagamentos cuxa orixe se descoñece no momento de elaborar o estado de fluxos de efectivo. O saldo da conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», figurará entre os pagamentos desta categoría cando non sexa posible a súa clasificación nunha das tres categorías anteriores.

V. Efecto das variacións dos tipos de cambio. Este apartado recolle, co fin de permitir a conciliación entre as existencias de efectivo ao principio e ao final do período, o efecto da variación dos tipos de cambio, sobre o efectivo e outros activos líquidos equivalentes que figuraren denominados en moeda estranxeira. O valor en euros destes últimos, será que corresponda ao tipo de cambio do 31 de decembro.

Na elaboración do estado de fluxos de efectivo, debese ter en conta tamén o seguinte:

1. Os pagamentos do estado de fluxos de efectivo mostraranse netos dos cobramientos realizados polo reintegro ou devolución daqueles, cando estes se producisen no mesmo exercicio. No caso contrario, se os cobramientos por reintegros de pagamentos previos, se producen en distinto exercicio, non se descontarán destes, e reflectiranse como fluxos de efectivo das actividades de xestión.
Os cobramientos do estado de fluxos de efectivo mostraranse, en todos os casos, netos dos pagamentos realizados pola devolución daqueles.



2. Os cobramientos e pagamentos por conta doutras entidades, ou de terceiros poderán mostrarse netos, sempre que se refirán a operacións de natureza non orzamentaria.
3. Os cobramientos e pagamentos procedentes de activos financeiros, distintos, aos considerados como activos líquidos equivalentes a efectivo, así como os procedentes de pasivos financeiros, cando ambos os dous sexan de rotación elevada, poderán mostrarse en termos netos no estado de fluxos de efectivo. Considerarase que o período de rotación é elevado cando o número de rotacións no ano non sexa inferior a catro. Cando se presente esta información en termos netos, deixarase constancia diso na memoria.
4. Os fluxos de efectivo por cobramientos e pagamentos de importes correspondentes a impostos indirectos repercutidos ou soportados, que posteriormente se haberán de liquidar coa facenda pública, clasificaránse de igual forma que a operación que os orixina. Os fluxos que saldan a liquidación coa facenda pública, clasificaránse como actividades de xestión.
5. Na correcta clasificación dos fluxos pola realización de traballos para formar o propio inmobiliado, terase en conta a súa importancia relativa, podendo non realizarse aquela cando o importe dos pagamentos sexa escasamente significativo.
6. Os fluxos procedentes de transaccións en moeda estranxeira converteranse a euros ao tipo de cambio vixente na data en que se produciu cada fluxo en cuestión.
7. Cando exista unha cobertura contable, os fluxos do instrumento de cobertura incorporaranse na mesma partida que os da partida cuberta, indicando na memoria este efecto.
8. Cando existan transaccións non monetarias, é dicir operacións de investimento e financiamento que non supuxesen o uso de efectivo ou de activos líquidos equivalentes, e polo tanto non se inclúen no estado de fluxos de efectivo, presentarase na memoria toda a información significativa con respecto a estas. Unha operación deste tipo será, por exemplo, a adquisición dun activo mediante un arrendamento financeiro.
En caso de existir unha operación de investimento que implique unha contraprestación parte en efectivo ou activos líquidos equivalentes e parte outros elementos, deberase informar sobre a parte non monetaria independentemente da información sobre a parte en efectivo ou activos líquidos equivalentes que se inclúise no estado de fluxos de efectivo.
9. A variación de efectivo e outros activos líquidos equivalentes ocasionada pola alta, ou baixa dun conxunto de activos e pasivos que conformen unha entidade ou liña de actividade dunha organización incluirase, se é o caso, como unha única partida nas actividades de investimento, no epígrafe de investimentos ou desinvestimentos segundo corresponda, creándose unha partida específica ao efecto.
10. Respecto dos cobramientos e pagamentos pendentes de clasificar, presentarase a súa correcta clasificación no ejercicio seguinte, formando parte da información relativa ao ejercicio precedente, dentro do estado de fluxos de efectivo.

Non obstante, en relación cos fluxos de efectivo pendentes de clasificar, referentes a cantidades pagadas polas caixas pagadoras e pendentes de xustificar recollidas na conta 558, «Provisións de fondos para pagamentos a xustificar e anticipos de caixa fixa», poderá optarse por informar sobre a súa correcta clasificación na memoria das contas anuais do ejercicio seguinte.

En todo caso, poderá non realizarse as anteriores reclasificacións, cando os importes pendentes de clasificar nun ou outro caso sexan escasamente significativos.



FICHA 08A – TERRITORIALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS

Figurarán os proxectos de investimento territorializados por concellos con indicación para cada subproxecto de si constitúe un investimento novo a iniciar no ano 2025 ou si o proxecto ven de outros exercicios.

Nesta ficha recolleranse todas as actuacións de investimento real (material e inmaterial) que se propoñan para o período 2025-2028. Asemade, recollerase a información relativa ao investimento previsto para 2024 e ao investimento realizado en 2023, aínda que se trate de actuacións sen gasto no período 2025-2028. Igualmente, recollerase o investimento real acumulado a fin de 2022 das actuacións con gasto en ao menos algúun ano do período 2024-2027.

Para cubrila axeitadamente deberán de terse en conta as seguintes instrucións:

(1) Investimento.

Os proxectos relacionaranse diferenciándose mediante un código alfanumérico, formado polo menos por unha numeración correlativa de tres cifras e o código alfabetico do obxectivo operativo ao que está vencellado (vg. 001AA, 002AB, 003BA...).

Descripción da actuación investidora que se propón de tal xeito que permita unha idea exacta do seu contido.

A denominación dos proxectos susceptibles de obter financiamento das Comunidades Europeas deberá coincidir nestas fichas e en todos aqueles documentos que se empreguen para a súa presentación á Unión Europea.

(2) Características do investimento.

Considéranse dous grupos:

- a) Corresponde a actuacións con unha finalidade concreta no tempo, e polo tanto con un prazo de execución pre establecido. Son proxectos que, a estes efectos, presentan identidade propia.
- b) Corresponde a actuacións de carácter permanente por referirse a investimentos repetitivos e continuados. Son proxectos, a estes efectos, sen identidade.

Ás primeiras identificaráselles coa letra A e ás segundas coa letra B.

(3) Tipo de proxecto.

Cumprimentarase con arranxo aos seguintes códigos:

A: Proxectos aprobados pola UE incluídos en Orzamentos de anos anteriores e que obtiveran financiamento FEAGA e FEADER.

B: Proxectos susceptibles de obter financiamento FEAGA e FEADER



Q: Proxectos aprobados pola UE recollidos en orzamentos de exercicios anteriores e que obtiveron financiamento FEDER.

R: Proxectos susceptibles de obter financiamento FEDER, a presentar.

Y: Proxectos aprobados pola UE recollidos en orzamentos de exercicios anteriores e que obtiveron financiamento do Instrumento Financeiro de Cohesión.

Z: Proxectos susceptibles de obter financiamento do Instrumento Financeiro de Cohesión, a presentar.

No resto de proxectos esta cela deberá permanecer en branco.

(4) Ano Inicial.

Polo xeral, corresponderá co primeiro ano no que se produciu un gasto.

(5) Ano Final.

Polo xeral, corresponderase co ano previsto de terminación. Nos supostos de investimentos do tipo A, B, Q e R, o ano final coincidirá co último para o que se prevea un gasto, sen que en ningún caso sexa posterior ao 31 de decembro de 2027.

(6) Territorialización.

Indicarase si o proxecto é municipal ou supramunicipal.

Aos efectos de esta ficha, un proxecto será municipal cando afecte a un único código simple da codificación do concepto "Concello", correspondente á columna (7) desta ficha sobre investimentos, e sempre ao mesmo durante os exercicios de 2024, 2025 e 2026. Entenderase que un código da codificación do concepto "Concello" é simple cando non faga referencia a os códigos 900 ou 902.

Por exclusión, un proxecto será supramunicipal cando non sexa municipal.

Os proxectos municipais identifíquense coa letra M e os supramunicipais coa letra S.

(7) Concello.

Aplicarase para o ano 2025. Nos proxectos municipais, a súa aplicación estenderase aos anos 2023 e 2024.

Cubrirase segundo os códigos indicados no anexo III.

No caso de consignar a clave 900, deberase cumplimentar a ficha 08B. No caso de consignar a clave 902, deberase indicar a causa.



(8) Provincia.

Aplicarase para o ano 2025. Nos proxectos uniprovinciais, a súa aplicación estenderase aos anos 2023 e 2024.

Cumprimentarase segundo os seguintes códigos:

01 A Coruña	900 Varias provincias
02 Lugo	901 Estranxeiro
03 Ourense	902 Non territorializable
04 Pontevedra	

No caso de consignar a clave 902, na memoria do PAIF deberase indicar o motivo.

(9) Custe total.

Proxecto de tipo A

Cando se trate de actuacións do Grupo A, especificarase nesta columna o custe total do investimento, incluídos os importes correspondentes ás anualidades anteriores ou posteriores ao cuadriénio considerado (2025-2028).

De este modo, o custo total será a suma de: "Investimento Acumulado a 31 de decembro de 2022", "Investimento real 2023", "Investimento previsto 2024", "Anualidades 2025-2028" e "Resto".

Nos casos en que os proxectos de tipo A teñan gastos para o ano 2023 ou 2024, ou ambos, sen telo para os anos posteriores a 2024, o custe total coincidirá coa suma de "Investimento Acumulado a 31 de decembro de 2022", "Investimento real 2023" e "Investimento previsto 2024".

Proxecto de tipo B

Neste caso, o custe total é o resultado de sumar: "Investimento real 2023", "Investimento previsto 2024" e as "Anualidades 2025-2028".

Nos casos en que os proxectos de tipo B teñan gastos para o ano 2023 ou 2024, ou ambos, sen telo para os anos posteriores a 2024, o custe total coincidirá coa suma de "Investimento real 2023" e "Investimento previsto 2024".

(10) Investimento acumulado a 31-12-2022.

Proxecto de tipo A

Consignarase a cantidade global do gasto en todos os exercicios anteriores ata o 31 de decembro de 2022.



Proxecto de tipo B

Neste caso, a columna figurará en branco.

(11) Investimento real 2023.

Consignarase, para cada proxecto, a contía correspondente ao investimento realizado no exercicio 2023, tanto para proxectos tipo A como B.

(12) Investimento previsto 2024.

Consignarase, para cada proxecto, a contía correspondente ao investimento previsto a realizar no presente exercicio (2024), tanto para proxectos tipo A como B.

(13, 14, 15 y 16) Presuposto e Proxección plurianual.

Especificaranse as anualidades previstas para os anos 2025 ao 2028, inclusive.

(17) Resto.

Indicarase a parte de investimento previsto posterior ao 2025. No caso de proxectos de tipo B esta columna figurará en branco.

No caso de que un proxecto de investimento afectase a varios concellos, proxecto supramunicipal, deberá indicarse na ficha a proporción que do seu importe, para os anos 2025 a 2028, se impute a cada concello.

(18) Proxecto singular.

Esta columna quedará en branco no caso de proxectos que deban reflectirse no inmobilizado material ou inmaterial do Activo do Balance de Situación da entidade e, en consecuencia, no Cadro de estado de fluxos de efectivo en concepto de adquisición de inmobilizado material ou inmaterial. Este é o caso máis xeral, polo que esta columna empregarase tan só para o caso de proxectos de investimento especiais.

Aos efectos de cumplimentar esta columna, considerarase que un proxecto é singular cando nel concorran as características seguintes:

Trátase de investimentos correspondentes á construcción de bens que teñan a natureza de bens inmobles, así como a súa reforma, reparación ou conservación;

Tratase de investimentos realizados pola entidade pero que non se reflicten no inmobilizado material ou inmaterial do Activo do Balance de Situación da entidade senón en existencias, de conformidade cos criterios do PXCP;

A entidade non pertence ao sector inmobiliario ou a súa actividade principal non consiste na construcción de bens para a súa posterior venda.



No caso de proxectos singulares sinalarase cunha S a columna 18, "Proxecto Singular". No resto de casos, proxectos non singulares, que son a grande maioría, esta columna sinalarase cunha N.

FICHA 08B. TERRITORIALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS. PROXECTOS SUPRAMUNICIPAIS

Esta ficha cumprimentarase so para os proxectos supramunicipais, segundo a definición para estes proxectos indicada no concepto (6) "territorialización" da ficha 08A, e aplicarase para os anos 2023, 2024 e 2025.

Para ditos proxectos e anos, cumprimentarase a columna denominada "Concello" da ficha 08A empregando un código simple da codificación do concepto "Concello" correspondente á columna (7) da ficha 08A, e a columna "Distribución porcentual", onde recollerase a porcentaxe de participación, de cada código de concello anteriormente cumplimentado, no volume de investimento total do proxecto supramunicipal, para cada ano. A porcentaxe indicarase con dous decimais.

A distribución porcentual deberá proporcionar a desagregación do investimento anual do proxecto por concellos, que integrados proporcionen ditos investimentos totais no ano.

FICHA 09 – FINANCIAMENTO DE FONDOS EUROPEOS

Nesta ficha describiranse, por un lado, os gastos para o 2025 que son susceptibles de financiamento por parte da EU e, por outro, a taxa de cofinanciamento.

Indicaranse a totalidade dos gastos, non só os correspondentes a proxectos de investimento.

Código do proxecto.

Empregarase só para os proxectos de investimento. Para cada proxecto indicarase o mesmo código que se utilizou na ficha 08A.

Proxecto ou gasto.

Para os proxectos de investimento, recollerase a mesma descripción que na ficha 08A.

Para o resto de actuacións, describirase sinteticamente o gasto obxecto de financiamento europeo.

Ademais proxectos e actuacións haberán de facer referencia ao eixe e medida no que se integran.



Fondo Comunitario.

Indicarase o Fondo Comunitario ao cal se imputa o financiamento previsto da UE, con independencia de que a axuda estea xa aprobada ou pendente de aprobación polas autoridades da UE.

Cumprimentarase de acordo aos códigos seguintes:

R FEAGA

G FEADER

S FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE)

D FEDER

H FONDO-INSTRUMENTO DE COHESIÓN

P FEP

O OUTROS

Taxa de financiamento.

Indicarase, en porcentaxe, a parte do importe total do gasto (proxecto de investimento ou actuación) que é obxecto de financiamento por parte da UE, así como o resto das fontes de financiamento do mesmo ata sumar o 100%.

Para os proxectos de investimento, o importe total considerado será o que se recolle na ficha 08, como custo total.

Tipo de axuda.

Refírese á distinción da natureza do ingreso na Entidade, debido ao financiamento comunitario, entre subvención ou transferencia de explotación e subvención ou transferencia de capital.

Cumprimentarase de acordo á codificación seguinte:

E: Subvención ou transferencia de explotación.

K: Subvención ou transferencia de capital.

Ingresos por financiamento europeo.

Indicarase a contía do financiamento previsto para o 2025 polo gasto correspondente (proxecto de investimento ou outro).



Situación comunitaria.

Indicarase si, o financiamento previsto está xa aprobado ou pendente de aprobación.

Cumprimentará con arranxo aos códigos seguintes:

A: Financiamento comunitario xa aprobado polas autoridades europeas.

P: Financiamento comunitario pendente de aprobación polas autoridades europeas.

FICHA 10– OBXECTIVOS E INDICADORES

A entidade só poderá seleccionar aqueles obxectivos que ten asociados a consellería da que dependa, vinculados ao programa de gasto con cargo o cal se financien, e predefinidos no marco do Plan Estratégico de Galicia 2022-2030.

A tal efecto e no ámbito das comisións previstas no artigo 5. Un da Orde do 6 de xullo, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, os responsables das entidades poderán solicitar á consellería de adscrición a modificación dos obxectivos previstos.

Para cada obxectivo operativo deberase seleccionar a lo menos un indicador, sendo recomendable que no caso de que este indicador se refira a persoas, inclúa asemade o indicador de xénero respectivo.

Para cada obxectivo operativo deberá indicar a dotación orzamentaria solicitada para o exercicio, así como a previsión para os dous exercicios seguintes, ademais da valoración prevista do/s indicador/es asociados, tanto para o 2025 como para os dous seguintes.

Cumprimentarase de acordo aos códigos seguintes:

Eixo : **E**, e o número de eixo correspondente (do 1 ao 4), exemplo: E1.

Prioridade de actuación: **PA** seguido dun punto o número de eixo correspondente, outro punto e o número de prioridade de actuación, exemplo: PA.1.1

Obxectivo específico: **OE**, seguido dun punto, o número de eixo, outro punto, o número de prioridade de actuación, seguido doutro punto e o número de obxectivo específico con dous díxitos, exemplo: OE.1.1.01

Obxectivo operativo: **OO**, seguido do número de obxectivo operativo con dous díxitos, exemplo: OO01



FICHA 12 – RECURSOS FINANCIEROS OBTIDOS DE OUTROS ENTES PÚBLICOS

Esta Ficha recollerá a información das diferentes fontes de financiamento público da entidade co máximo nivel de desagregación, segundo a súa orixe.

Deberá indicarse a consellería, OO.AA. ou demais entidades do sector público autonómico de Galicia das que proceda o financiamento.

As contías nela recollidas farán referencia ás efectivamente realizadas en 2023, as previstas para o exercicio en curso (2024) e ás orzadas para 2025.

As contías consignadas nesta ficha que proveñan da administración ou das diferentes entidades do sector público autonómico, deberán figurar exactamente pola mesma contía nos orzamentos de gastos da entidade que aporta o financiamento.

FICHA CADRO PROVISIÓN

Este cadro recolle as provisións a longo prazo e a curto prazo, estimadas pola entidade; con indicación do saldo ao fin do exercicio anterior (2024), as dotaciónns, aplicacións ou excesos do ano orzado (2025), os traspasos e reclasificacións existentes e o saldo ao fin do período actual (ano 2025) dos seguintes conceptos:

- Provisión por retribucións ao persoal
- Provisión para impostos
- Provisión por desmantelamento, retiro ou rehabilitación do inmobiliizado
- Outras provisións.

FICHA CADRO ENCOMENDAS E ENCARGOS A MEDIOS PROPIOS

Este cadro recolle as encomendas ou encargos a medios propios que a entidade recibe da Administración xeral da Xunta de Galicia e as entidades públicas instrumentais, indicando para o ano 2023 os importes recibidos, a estimación a 31 de decembro de 2024 e a previsión das anualidades seguintes. Desagregarase:

- Servizo encomendante ou poder adxudicador
- Total encomenda ou encargo
- Gasto de persoal
- Outro gasto corrente





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

ANEXO III

Códigos de concellos



CÓDIGO DE CONCELLO

1507007 A BAÑA	2742010 CASTRO DE REI	2701032 MONTERROSO	2724051 RIBADEO
3244014 A BOLA	2721011 CASTROVERDE	3610032 MORAÑA	3637046 RIBADUMIA
3633009 A CAÑIZA	3610010 CATOIRA	3652033 MOS	2735052 RIBAS DE SIL
1516018 A CAPELA	1517022 CEDEIRA	1517051 MUGARDOS	1506073 RIBEIRA
1513030 A CORUÑA	1518023 CEE	3204051 MUIÑOS	2725053 RIBEIRA DE PIQUIN
3641017 A ESTRADA	3244024 CELANOVA	2742033 MURAS	3250071 RIOS
2719018 A FONSGRADA	3236025 CENLLE	1527053 MUROS	2725054 RIOTORTO
3605023 A GUARDIA	1529024 CERCEDA	1518052 MUXIA	3615047 RODEIRO
3251034 A GUDIÑA	3641902 CERDEDO-COTOBADÉ	1517054 NARON	1539074 ROIS
3634025 A LAMA	1530025 CERDIDO	2731034 SUARNA	3249073 RUBIA
3244047 A MERCA	2731012 CERVANTES	1517055 NEDA	1513075 SADA
3251048 A MEZQUITA	2723013 CERVO	1507056 NEGREIRA	3652049 SALCEDA DE CASELAS
2742044 A PASTORIZA	3248029 QUEIXA	2719035 NEGUEIRA DE MUÑIZ	3612050 SALVATERRA DE MIÑO
3232059 A PEROXA	2714016 CHANTADA	3652035 NIGRAN	2740055 SAMOS
2724048 A PONTENOVA	1509027 COIROS	3232052 NOGUEIRA DE RAMUIN	3211074 SAN AMARO
3249072 A RUJA	3232026 COLES	1528057 NOIA	3232075 SAN CIBRAO DAS VIÑAS
3243080 A TEIXEIRA	1518028 CORCUBIÓN	3249009 O BARCO DE VALDEORRAS	3211076 SAN CRISTOBAL DE CEA
3249083 A VEIGA	1508029 CORISTANCO	3249015 O BOLO	1517076 SAN SADURNIÑO
2742001 ABADIN	3236027 COTEGADA	2721014 O CORGO	3248070 SAN XOAN DE RIO
1513001 ABEGONDO	2742015 COSPEITO	3633013 O COVELO	3220077 SANDIAS
3615020 AGOLADA	3633014 CRECENTE	3637022 O GROVE	1553077 SANTA COMBA
2722002 ALFOZ	3250028 CUALEDRÓ	2740024 O INCIO	1538078 SANTIAGO DE COMPOSTELA
3202001 ALLARIZ	1513031 CULLEREDO	3211035 O IRIXO	1546079 SANTISO
1538002 AMES	3610015 CUNTIS	2740043 O PARAMO	3637051 SANXENXO
3232002 AMOEIRO	1509032 CURTIS	1503066 O PINO	3220078 SARREAU
2701003 ANTAS DE ULLA	1539033 DOBRO	3652039 O PORRIÑO	2740057 SARRIA
1509003 ARANGA	3615016 DOZON	3605048 O ROSAL	3615052 SILLEDA
3633001 ARBO	1518034 DUMBRIA	2745058 O SAVIÑAO	2745059 SOBER
1517004 ARES	3204030 ENTRIMO	2722063 O VALADOURO	1546080 SOBRADO
3236003 ARNOIA	3232031 ESGOS	2723064 O VICEDO	1517081 SOMOZAS
1513005 ARTEIXO	1517035 FENE	3605036 OIA	3652053 SOUTOMAIOR
1503006 ARZUA	1517036 FERROL	3250053 OIMBRA	2714060 TABOADA
3612034 AS NEVES	1518037 FISTERRA	1513058 OLEIROS	3232079 TABOADELA
2731037 AS NOGAIS	2735017 FOLGOSO DO COUTEL	1529059 ORDES	1538082 TEO
3236004 AVION	3641018 FORCARÉI	1529060 OROSO	3232081 TOEN
3652003 BAIONA	3652019 FORNELOS	1530061 ORTIQUEIRA	3605054 TOMIÑO
2719004 BAILEIRA	2722019 FOZ	3232054 OURENSE	1546083 TOQUES
3220005 BALTAR	1529038 FRADES	2723038 OUROL	1529084 TORDOIA
3204006 BANDE	2721020 FRIOL	2721039 OUTEIRO DE REI	1503085 TOURO
3202007 BAÑOS DE MOLGAS	3244033 GOMESENDE	1528062 OUTES	2724061 TRABADA
2731901 BARALLA	3652021 GONDOMAR	1509094 OZAS-CESURAS	3220082 TRASMIRAS
3232008 BARBADAS	2742022 GUITIRIZ	1509064 PADERNE	1529086 TRAZO
2724005 BARREIROS	2721023 GUNTIN	3202055 PADERNE DE ALLARIZ	2740062 TRIACASTELA
3634002 BARRO	3637901ILLA DE AROUSA	3244056 PADRENDA	3605055 TUÍ
3236010 BEADE	1509039 IRIXOA	1539065 PADRON	1538088 VAL DO DUBRA
3211011 BEARIZ	3615024 LALIN	2701040 PALAS DE REI	1517087 VALDOVIÑO
2731006 BECERREA	2740026 LANCARA	2745041 PANTON	3610056 VALGA
2742007 BEGONTE	1508041 LARACHA	3243057 PARADA DE SIL	1538089 VEDRA
1513008 BERGONDO	3249038 LAROUCO	2740042 PARADELA	3244084 VEREA
1509009 BETANZOS	1508040 LAXE	3652037 PAZOS DE BORBEN	3250085 VERIN
3220012 BLANCOS	3250039 LAZA	2731045 PEDRAFITA DO CEBREIRO	3251086 VIANA DO BOLO
3211013 BOBORAS	3236040 LEIRO	3232058 PEREIRO DE AGUIAR	3652057 VIGO
1503010 BOIMORTO	3204041 LOBEIRA	3249060 PETIN	3615059 VILA DE CRUCES
1506011 BOIRO	3204042 LOBIOS	3211061 PIÑOR	3634058 VILABOA
1538012 BOQUEIXON	2722027 LOURENZA	3248063 POBOA DE TRIVES	3637060 VILAGARCIA DE AROUSA
2745008 BOVEDA	1528042 LOUSAME	2745047 POBOA DO BROLON	3232087 VILAMARIN
1538013 BRION	2721028 LUGO	1506067 POBOA DO CARAMIÑAL	3249088 VILAMARTIN DE VALDEORRAS
3624004 BUÉU	3202043 MACEDA	3634041 POIO	3637061 VILANOVA DE AROUSA
2722902 BURELA	1508043 MALPICA DE BERGANTIÑOS	2725046 POL	3220089 VILAR DE BARRIO
1508014 CABANA	3248044 MANZANEDA	3612042 PONTEAREAS	3220090 VILAR DE SANTOS
1516015 CABANAS	1530044 MAÑON	3634043 PONTE-CALDELAS	3250091 VILARDEVOS
3610005 CALDAS DE REIS	3624026 MARIN	1508068 PONTECESO	3251092 VILARIÑO DE CONSO
3220016 CALVOS DE RANDIN	3211045 MASIDE	3610044 PONTECESURES	1509091 VILARMAIOR
1547016 CAMARIÑAS	1553045 MAZARICOS	1516069 PONTEDEUME	1509090 VILASANTAR
3637006 CAMBADOS	3637027 MEAÑO	3244064 PONTEDEVA	2742065 VILLALBA
1513017 CAMBRE	2725029 MEIRA	1516070 PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	1547092 VIMIANZO
3634007 CAMPO LAMEIRO	3637028 MEIS	3634038 PONTEVEDRA	2723066 VIVEIRO
3624008 CANGAS	1546046 MELIDE	3220062 PORQUEIRA	2742021 XERMADE
3249017 CARBALLEDA	3236046 MELON	3610040 PORTAS	3220032 XINZO DE LIMIA
3236018 CARBALLEDA DE AVIA	1529047 MESIA	1528071 PORTO DO SON	2723025 XOVE
2714009 CARBALLEDO	1509048 MIÑO	2721049 PORTOMARIN	3202036 XUNQUEIRA DE AMBIA
3211019 CARBALLIÑO	3624029 MOÁNA	3211065 PUNXIN	3202037 XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
1508019 CARBALLO	1517049 MOECHÉ	3244066 QUINTELA DE LEIRADO	1547093 ZAS
1530901 CARIÑO	3612030 MONDARIZ	2735050 QUIROGA	
1527020 CARNOTA	3612031 MONDARIZ-BALNEARIO	2721056 RABADE	
1513021 CARRAL	2722030 MONDOÑEDO	3220067 RAIRIZ DE VEIGA	
3244020 CCARTELLE	1516050 MONFERO	3244068 RAMIRAS	900 Varios Concellos
3250022 CASTRELO DE MIÑO	2745031 MONFORTE DE LEMOS	3652045 REDONDELA	901 Estranxeiro
3250021 CASTRELO DO VAL	3243049 MONTEDERRAMO	1506072 RIANXO	902 Non territorializable
3243023 CASTRO CALDELAS	3250050 MONTERREI	3236069 RIBADAVIA	





ANEXO IV

Ficha sobre datos de Infancia



Nota 1:

O primeiro passo é determinar se o projeto incide em todos os níveis da infância e adolescência (0-17 anos). O subcomitê de infância e adolescência (SIA) é responsável por essa tarefa. O SIA divide a infância e adolescência em quatro etapas: primeira infância (0-5 anos), infância (6-11 anos) e adolescência (12-17 anos).

Nota 2: a cubrir só cando se escolla na columna de poboación: "subconxunto"

Deberá determinarse, en caso de que exista impacto neste colectivo, a porcentaxe na que o proxecto de gasto afecta á infancia e adolescencia.

***Se o subconxunto afectado son familias, a porcentaxe de incidencia será necesariamente do 100%**

Se o proxecto non afecta de ningunha maneira a este colectivo, deberá poñerse necesariamente o valor de cero.

Nota 3: a cubrir só cando haxa incidencia na infancia e adolescencia (é dicir, columna E con valor distinto de

Poderán cubrirse tantos subtipos como derechos se vayan afectados, creando nuevas columnas se fose necesario. Na fo

卷之三

Nota 4:

A porcentaxe neste caso non é de incidencia senón de reparto cando hai v

A suma de todos os subtipos de dereitos afectados deberá ser do 100%. Exemplo: se o proxecto ten que ver con servizos complementarios á ensino total do gasto do proxecto se corresponde con alimentación e que no

הו ארכיטקטורה כזו שפירושה הוא שפערת הרים ותעלות מים.

SUBTIPO DE DEREITO/GASTO

- 1.1 Alimentación
- 1.2 Vivienda e infraestructuras básicas

SUPERVIVENCIA 1.3 Saúde
1.4 Assistência social

1.5 Benestar económico
2.1 Educación

DESENVOLVIMENTO CULTURAL

2.1. **Literatura**

2.2. **Cultura e ocio**

2.2.2. **Deliberações de um Conselho**

MENTO PLENO	<p>2.3 Políticas de xeremento</p> <p>2.4 Desenvolvemento económico e</p>
-------------	--

medioambiental	3.1 Dereitos básicos
----------------	----------------------

PROTECCIÓN 3.2 Protección
3.3 Seguridad

3.4 Xustiza
4.1 Información

INFORMACIÓN • Información 4.2 Participación • Participación
Otros • Otros

卷之三

SUBTIPO DE DEREITO/GASTO	DETALLE
1. SUPERVIVENCIA	1.1 Alimentación 1.2 Vivienda e infraestruturas básicas 1.3 Saúde 1.4 Asistência social
2. DESARROLLO-DESENVOLVE-MIENTO PLENO	2.1 Benestar económico 2.2 Cultura e ocio 2.3 Políticas de juventude 2.4 Desenvolvimento económico e medioambiental
3. PROTECCIÓN	3.1 Dereitos básicos 3.2 Protección 3.3 Seguridade 3.4 Xustiza
4. INFORMACIÓN	4.1 Información 4.2 Participación
5. OUTROS	5. Outros bens públicos